A Patrulla da Saúde

Documento técnico

Estrutura dos contidos

Os contidos que compoñen este REA (Recurso Educativo Aberto), denominado «A Patrulla da Saúde», estrutúranse en catro carpetas ou directorios chamados, respectivamente: Manuais, Castellano, Galego e English.

Carpeta «Manuais»

Contén a documentación que acompaña e serve de guía para a posta en práctica do proxecto na aula. Nesta carpeta atópanse: a Guía Didáctica, o Manual de Uso para o alumnado e este Documento Técnico.



Carpetas «Castellano», «Galego» e «English»

A estrutura das tres carpetas é a mesma, diferenciándose unicamente no idioma empregado nos contidos recollidos en cada unha delas. Cada carpeta contén outras tres carpetas, chamadas «ELP», «HTML» e «SCORM».

O nome de cada carpeta fai referencia ao formato en que se gravaron as secuencias didácticas. Empregáronse tres formatos: ELP, HTML e SCORM. O primeiro, ELP, serve para que calquera editar e modificar a secuencia didáctica coa aplicación eXeLearning. O segundo, HTML, serve para a súa apertura directa nun navegador, ou ben para importalo nunha plataforma

Moodle. E o terceiro formato, SCORM, é un estándar que tamén pode ser importado en Moodle. Dentro de cada carpeta atópanse as dúas secuencias didácticas que forman este REA, no formato correspondente.

Posta en marcha e utilización dos contidos

Existen dúas opcións: a apertura directa das secuencias didácticas nun navegador web, ou a incorporación das secuencias didácticas a un sistema Moodle.

Apertura directa nun navegador

Para utilizar directamente os contidos deste REA, non é necesario instalar nada. Os contidos en formato HTML poden ser abertos en calquera navegador web relativamente moderno (Firefox, Chrome, Safari). Basta con dirixirse á carpeta HTML do idioma elixido, descomprimir nunha carpeta o arquivo ZIP, e unha vez dentro desa carpeta, abrir no navegador o arquivo chamado **`index.html`**. Non é necesario activar ningún *plugin* potencialmente perigoso, coma Flash ou Java.

Publicación en Moodle

As secuencias didácticas poden publicarse nunha plataforma Moodle (e noutras plataformas LMS). Neste caso hai dúas formas de facelo:

1. Publicar en Moodle como HTML (axuda)
2. Publicar en Moodle como SCORM (axuda)

Requisitos técnicos

- Non é imprescindible que os ordenadores estean conectados a Internet, aínda que si é conveniente a conexión para acceder ás ligazóns externas que serven de axuda en distintas tarefas.
- Sistema operativo: Linux, Windows
- Navegador web: Firefox, Google Chrome
- É conveniente que o ordenador dispoña de editor de textos e folla de cálculo, coma os da suite LibreOffice.
- É conveniente que os alumnos e alumnas dispoñan de contas en Google.